



Resolución do 14 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, dos centros galardoados e correspondentes premios do VI Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Con data de 22 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa fixo pública a convocatoria do VI Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe). Tratábase de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a valoración da lingua materna, reforzar a lectura de poesía galega ou o achegamento ao mundo da tradución, a importancia do activismo cultural e medioambiental dos anos 90 e do feminismo co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2024 á escritora, filósofa, violinista e activista Luísa Villata.

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no VI Concurso de Podcasts - Radio na Biblio.

Segundo. Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

Terceiro. Asignar as contías que se sinalan no mesmo Anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio / emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento deste laboratorio de radio, sempre vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Cuarto. Conforme ao previsto no apartado 11 da convocatoria, os podcasts seleccionados serán emitidos pola Radio Galega; á súa vez, serán difundidos a través da páxina web da Radio Galega e na plataforma dixital A Galega Audio <https://agalegaudio.gal/> Así mesmo,





recibirán difusión a través dos medios web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

O alumnado implicado nos traballos seleccionados poderá visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares facilitaráselles o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I

TRABALLOS SELECCIONADOS NO V CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

Mod.	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado Ed. Infantil	15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	Xogando con violinos	1.250€
II	Alumnado 1º e 2º de EP	15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	Luísa Villalta. Veladas poéticas	1.250€
III	Alumnado 3º e 4º de EP	36002773	CEIP do Foxo	A Estrada	Pontevedra	Teoría do xogo	1.250€
IV	Alumnado 5º e 6º de EP	36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	Luísa Villalta. Poesía e música	1.250€
V	Alumnado 1º e 2º de ESO	36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	Mulleres no Día das Letras Galegas	1.250€
VI	Alumnado 3º e 4º de ESO	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	A Coruña	Luísa Villalta	1.250€
VII	Alumnado Bacharelato	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	A Coruña	Luísa Villalta	1.250€
VII	Alumnado doutras ensinanzas	36024471	CMUS Profesional de Vigo	Vigo	Pontevedra	Scherzo_RAP	1.250€

